

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

RESOLUCIÓN do 22 de xuño de 2021, da Área de Deseño de Infraestruturas, pola que se fai pública a aprobación o expediente de información pública do proxecto de construción da senda na AC-301 entre os puntos quilométricos (pp. qq.) 2+250 e 2+800, de clave AC/19/128.06.

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, por delegación da Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Orde do 7 de setembro de 2017, *Diario Oficial de Galicia* do 20 de setembro), vistos os informes das administracións afectadas e as alegacións formuladas no trámite de información pública, ditou o 22 de xuño de 2021 a seguinte resolución:

«Resolución pola que se aproba o expediente de información pública do proxecto de construción da senda na AC-301 entre os pp.qq. 2+250 e 2+800, de clave AC/19/128.06.

Antecedentes de feito:

Primeiro. A actuación obxecto do proxecto consiste en definir, xustificar e valorar as actuacións necesarias para a mellora da seguridade viaria e o fomento da mobilidade sustentable na estrada autonómica AC-301, no treito comprendido entre os pp.qq 2+250 e 2+800 (marxe esquerda), e a antiga AC-299 (estrada actualmente de titularidade local), sendo a lonxitude total da senda proxectada de 820 m e permitindo a conexión dos itinerarios peonís xa existentes no polígono industrial de Rois/Padrón coas beirarrúas do núcleo rural de Rois.

Segundo. No *Diario Oficial de Galicia* núm. 195, do 25 de setembro de 2020, publicouse o Anuncio do 15 de setembro de 2020 polo que se somete ao trámite de información pública a separata do proxecto de construción da senda na AC-301 entre os pp.qq. 2+250 e 2+800, de clave AC/19/128.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

Terceiro. As administracións afectadas emitiron os correspondentes informes, e no trámite de información pública formuláronse alegacións polas persoas interesadas. A todas elas déuselles resposta motivada, segundo figura no informe que consta no expediente,



que lle foi notificado ás administracións a que se lles deu trámite de informe e aos particulares que presentaron alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro. A Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informes das administracións afectadas, de acordo co Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Esta competencia atópase delegada na persoa titular da dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (DOG nº 179, do 20 de setembro).

Segundo. De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción someteuse ao trámite de información pública, durante un período de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro. Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, someteuse a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente.

De acordo con todo o exposto, e tras os informes, alegacións e certificados presentados,

RESOLVO:

Aprobar o expediente de información pública da senda na AC-301 entre os pp.qq. 2+250 e 2+800, de clave AC/19/128.06, mantendo o trazado proposto como definitivo.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido



nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa».

O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2021

Carlos Lefler Gullón
Xefe da Área de Deseño de Infraestruturas

CVE-DOG: 1swcsoe5-e849-4ei7-arf2-ckvf5ly8yo63

